

Día Internacional contra a Violencia de Xénero

Participa na creación dun tapiz humano contra a Violencia de Xénero

Venres 23 de novembro. Ás 12:00 h.
Punto de encontro: farola de Urzáiz.

Visita a exposición colectiva contra a Violencia de Xénero

Rúa do Príncipe. Do 19 ao 23 de novembro. De 10:00 a 20:00 h.

Charla-coloquio "Enredámonos nas redes...?"

A cargo de Ianire Estébanez Castaño, psicóloga especialista na abordaxe da Violencia de Xénero na xuventude. Martes 20 de novembro ás 18:30 h. Auditorio Municipal (Praza do Rei).
Entrada libre. Aforo limitado.

Máis información en www.enlazavigo.com

CONCELLO
DE VIGO



Día Internacional contra a Violencia de Xénero

enlaza
vigo

REACCIÓN CIDADÁ
CONTRA A VIOLENCIA
DE XÉNERO



Concello Municipal
da Muller

Enlaza Vigo é unha iniciativa do Consello Municipal da Muller e da Concellería de Igualdade de Vigo para esixir a todos os poderes públicos e á sociedade en xeral un compromiso real e unha implicación decidida para combater o terrorismo machista.

Do 19 ao 23 de novembro

Exposición colectiva contra a Violencia de Xénero

Exposición de obras realizadas polo alumnado dos centros de ensino da cidade e por asociacións de mulleres e outros colectivos sociais. Ademais, calquera que se achegue poderá facer a súa propia obra.

De 10:00 a 20:00 h. Rúa do Príncipe.

23 de novembro Tapiz humano

Tralo éxito acadado o pasado ano na convocatoria dunha cadea humana na que participaron miles de cidadás e cidadáns, Vigo volverá, o venres 23 de novembro, a manifestar o seu rexeitamento contra a lacra da Violencia de Xénero coa formación dun gran tapiz humano na rúa.

O Consello Municipal da Muller e a Concellería de Igualdade de Vigo fan un chamamento a toda a cidadanía para que se sume a esta iniciativa, na que xa teñen confirmada a súa asistencia arredor de 2.000 alumnos e alumnas da maioría dos centros de ensino da cidade nos que se imparte ESO e FP.

Desde que se teñen estatísticas sobre este problema, máis de 650 mulleres foron asasinadas en España e centos de miles delas son, día a día, vítimas do poder que os homes exercen contra elas.

Ao igual que o pasado ano, convocamos a este acto a particulares, sindicatos, asociacións de mulleres, asociacións veciñais, sociedades culturais, centros cívicos, centros sociais, clubs deportivos, colectivos empresariais, ou institucións públicas.

Deste xeito, Enlaza Vigo volverá a reflectir o compromiso real do conxunto da cidadanía na loita contra a Violencia contra as Mulleres.

O tramo da rúa onde se realizará este acto cortarase ao tráfico rodado para garantir a seguridade das persoas participantes.

Punto de encontro: farola de Urzáiz.

De 10:30 a 11:45 h.
Actividades lúdicas e reivindicativas.

De 11:45 a 12:15 h.
Formación do tapiz.